

ESTATUTOS

CORUÑA ATLANTICS

(Nome do club)

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS.

Artigo 1º. O Club CORUÑA ATLANTICS é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Artigo 2º. O Club CORUÑA ATLANTICS practicará como principal modalidade deportiva a de FÚTBOL AMERICANO e solicitará a ratificación dos estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

O Club CORUÑA ATLANTICS practicará así mesmo as modalidades deportivas de FÚTBOL FLAG e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asamblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º. O domicilio social do Club CORUÑA ATLANTICS fixase na rúa LUIS QUINTAS GOYANES nº 4 - 4º B CP 15009 concello A CORUÑA provincia A CORUÑA teléfono 671403131 fax _____ email atlantics@corunaatlantics.com



1

O presidente, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado aos socios e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPÍTULO II. CLASES DE SOCIOS. ADMISIÓN. DEREITOS E OBRIGAS.

Artigo 4º. O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 5º. Son socios de número todas as persoas maiores de idade que aboan a cota social establecida pola asemblea xeral.

Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ao uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ao cumprir a maioría de idade.


Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependen economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

Artigo 6º.

1. Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a. Contribuir ao cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b. Esixir que a asociación se axuste ao disposto na normativa autonómica deportiva e ao establecido no presente Estatuto.
- c. Separarse libremente da asociación.
- d. Coñecer as actividades da asociación e examinar a súa documentación, previa petición razoada ao presidente.
- e. Expor libremente as súas opinións no seo da asociación.
- f. Ser elector e elexible para os órganos de representación e goberno da asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.



2. *Son obrigas dos socios de número:*
 - a. *Aboar as cotas que esixa a asemblea xeral.*
 - b. *Contribuír ao sostemento e difusión do deporte ou modalidades deportivas.*
 - c. *Acatar cantas disposicións dite a asemblea xeral, a xunta directiva ou o presidente, para o bo goberno da sociedade.*
3. *Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servizos e instalacións sociais da asociación.*
4. *Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.*

Artigo 7º. *Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:*

- *Ter a idade sinalada para cada unha delas.*
- *Solicitude por escrito dirixida ao presidente.*
- *Satisfacer a cota de ingreso correspondente.*

Artigo 8º. *A condición de socio pérdese:*

- *Por vontade propia.*
- *Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requirimento de pago, e consecuente resolución do presidente.*
- *Por acordo do presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se realice.*
- *Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.*

CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO.

Artigo 9º. *Son órganos de representación e goberno do club, a asemblea xeral e o presidente.*

Artigo 10º. *O presidente é o órgano executivo do club, posúe a representación legal, convoca e preside os órganos de representación e goberno, executando os acordos destes.*

O cargo de presidente é a título gratuíto e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta.



Será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por e entre os membros da asemblea xeral, cada 4 anos.

Artigo 11º. *O presidente cesará por:*

- a. Transcorrer o prazo polo que foi elixido.*
- b. Dimisión.*
- c. Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.*
- d. Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.*
- e. Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.*

Artigo 12º. *Como órgano complementario dos de goberno e representación poderá haber unha xunta directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do club, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.*

Os membros da xunta directiva serán designados e cesados libremente polo presidente, debendo dar conta disto na primeira Asemblea Xeral que teña lugar. Da mesma formará parte un secretario e un tesoureiro. Todos os cargos serán gratuítos e carecen de interese nos resultados económicos do club por si mesmos ou persoa interposta.

Artigo 13º.

- 1. A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do presidente.*
- 2. A Xunta Directiva convocarase polo presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data na que teña lugar.
A xunta directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.*
- 3. En especial corresponde á Xunta Directiva:*
 - a. Dirixir a xestión do Club, velando polo cumprimento do seu obxecto social.*
 - b. Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.*
 - c. Aplicar todas as medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do club.*

Artigo 14º. *O secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da asociación e levará o libro de rexistro de socios e o libro de actas.*

Artigo 15º. *O tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os libros de contabilidade.*

Será obriga do tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de todos os asociados.

Artigo 16º. *A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do club e estará integrada por todos os seus socios de número.*

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria, media hora mais tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado terán que mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer mais de 20.

Artigo 17º. *A Asemblea Xeral convocarase polo presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, polo menos, dos socios de número.*

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do presidente, polo menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a. Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.*
- b. Presuposto para o seguinte exercicio.*
- c. Proxecto e propostas do presidente ou da Xunta Directiva.*
- d. Proposicións que formulen os socios e que terán que ir asinadas polo menos, polo cinco por cento dos mesmos.*

Terá que celebrarse Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de estatutos, elección do presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo presidente ou proceda legalmente.

Artigo 18º. *Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requeriéndose unha maioría cualificada e un quorum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da federación galega deportiva da modalidade ou perante o Comité galego de Xustiza Deportiva.*

CAPÍTULO IV.

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 19º. O réxime documental do club constará dos seguintes libros: rexistro de socios, de actas e contables.

Artigo 20º. No libro de rexistro de socios, terán que constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu DNI e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén han de especificarse as datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 21º. No libro de actas consignaranse ás reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas terán que estar asinadas, en todo caso, polo presidente e o secretario.

Artigo 22º. Nos libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, ingresos e gastos do Club, debéndose precisar a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 23º. Os órganos e socios do club estarán sometidos ao regulamento disciplinario do club e ao disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24º. Así mesmo, o presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte aos socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o ordenamento xurídico vixente.

CAPÍTULO V. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 25º. No momento da creación do club deportivo, o patrimonio fundacional é CERO EUROS e dispón das seguintes



instalacións e locais propios

No futuro o patrimonio do Club estará integrado por:

- a. As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.
- b. As doazóns e subvencións que reciba.
- c. Os resultados económicos que poden producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d. As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do Club o ánimo de lucro e a totalidade dos seus ingresos e beneficios aplicaranse ao cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 26. O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que se autoricen estas operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral extraordinaria.
2. Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constituía o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.
3. Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmoables que foran financiados en todo ou parte, con fondos públicos da Comunidade Autónoma sera preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 27º. O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, que serán nominativos.

Os títulos inscribiranse nun libro que levará para o efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En todos os títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e , no seu caso, o interese e prazo de amortización.



Artigo 28º. Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial aos socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º. Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º. Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPÍTULO VI. REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB.

Artigo 31º. Os presentes estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número de asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 32º. O club extinguirase ou disolverase por acordo de:

- a. Dous tercios dos socios en Asemblea Xeral extraordinaria, convocada para o efecto.
- b. Por sentenza xudicial.
- c. Por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Artigo 33º. Disolto o Club, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

DILIXENCIA: Para facer constar que os presentes estatutos do club
.....Coruña Atléticos.....
foron ratificados e inscritos co n.º 12.232 no Rexistro de Entidades
Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, de
2 de abril, do deporte de Galicia (DOG 13/04/2012).
A Coruña, 12 de marzo de 2015.

